



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día catorce de marzo de dous mil doce, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL DOCE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día catorce de marzo de dous mil doce, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Reboiro, que dá fe do Acto.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Este punto se retira da orde do día.

2º.- CONTA DE GASTOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a seguinte relación de gastos efectuados polo Concello, propoño á Xunta de Goberno Local a súa aprobación.

Empresa	Concepto	Importe	
Álvarez Blanco Maria Carmen	12 horas taller de manualidades e pintura mes feb.	399,60	399,60
Aparcamiento Vía Romana	Aparcamiento vehículo desprazamento a Lugo	3,90	3,90
Ascensores Enor S.A.	Servizo conservación ascensor casa cultura mes mar	153,54	153,54
Cintra Aparcamientos S.A.	Estacionamento vehículo viaxe a Santiago reunión O	5,90	5,90
Codisoil S.A.	Gasóleo calefacción Centro de Día	873,48	873,48
Corporación Mpe Servicios Prevención	Servizo de prevención riscos laborais do 13/03 ao	112,93	112,93
Correos y Telégrafos S.A.	Franqueo mes febreiro 2012	275,11	275,11
Diario El Progreso	Subscripción do 01/02/2012 ao 29/02/2012	48,00	48,00
Ferretería Rivera C.B.	Catro lámpadas para casa cultura	3,30	418,40
	Dezaseis metros de plástico negro para punto limpo	9,44	

Empresa	Concepto	Importe	
	Diverso material de fontanería para avarías augas	150,06	
	Diverso material ferraxería para almacén	141,11	
	Diverso material ferraxería para reparacións no co	59,09	
	Sacos perliescayola para pintar campo fútbol	51,33	
	Un saco de cemento para obras	4,07	
Gas Natural S.U.R.	Recibos de enerxía eléctrica	16.184,86	
	Subministro de enerxía eléctrica	1.609,74	17.794,60
Hnos. Sánchez Pontenova S.L.	Reparación tractor municipal matrícula E1237BFG	374,52	374,52
López Parada José Manuel	Mantemento de camiños en Pacios	590,00	
	Mantemento do camiño da depuradora en Santalla	1.770,00	
	Traballos con retroescavadora en avarías de augas	413,00	2.773,00
Moleskine S.L.L.	Material de oficina diverso	308,92	308,92
Núñez Díaz Antonio	Pilas para gravadora a reintegrar a Rafael Castillo	4,60	4,60
Opaga S.L.	53,88 t.m. de aglomerado para vías públicas	3.115,34	3.115,34
Palacios Bus S.L.	Servizos autobús de Pobra ao Balneario de Pantón	162,00	162,00
Radio Principal de Monforte	Publicidade deportiva mes febreiro 2012	31,20	31,20
Recambios Trm, S.L.	Aceite para vehículos municipais	76,28	76,28
Sertego Servicios Medioambientales	Servizo recollida de residuos do punto limpo	102,99	102,99
Sistemas Macro copia S.L.	Impresión de fotocopias	361,66	361,66
Solred S.A.	Subministro de gasolina vehículos municipais feb.	1.124,91	1.124,91
Suministros Gallegos S.L.	Botas, guantes e funda para obreiro	112,14	112,14
Talleres Emabe S.L.	Fío rozadoira manual	24,20	
	Reparación vehículo matrícula LU1317J	17,25	
	Rolo fío 700 para recollida de cartón	19,51	60,96
Telefónica Móviles España S.A.	Recibo 12 liñas móbiles	225,33	225,33
Unión FENOSA Comercial S.L.	Recibos de enerxía eléctrica	3.033,86	
	Recibos de enerxía eléctrica	3.076,38	6.110,24
Vila Chaos Alfonso	1200 tarxetas Nadal a color	212,40	
	3000 trípticos a color Ferreirúa	469,64	682,04
Wurth S. L.	Soporto informático Padrón Habitantes	321,31	321,31
Total			36.032,90

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Ramón Armesto Armesto con D.N.I. nº. 34.143.543-C para a pavimentación de 18m². dun acceso a unha finca no lugar e parroquia de Lamaigreja, na marxe esquerda do P.K. 3,00 do C.P. LU-4701 "Da Pobra do Brollón, por Parada dos Montes, a Folgoso do Caurel" (parcela 87 do polígono catastral 116).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por oitenta e cinco euros con vinte céntimos (85,20€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Luis Besteiro Iglesias con D.N.I. nº. 34.146.436-S para a reparación de cuberta no lugar da Pousa 12, parroquia de Saa, (referencia catastral 001902000PH31E0001DB).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por trescentos noventa e sete euros (397,00€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Luis Rodríguez Vázquez con D.N.I. nº. 34.229.947-J para a construción dun alpendre no lugar de Arriba 6, parroquia de Fornelas, (referencia catastral 27047A021000620000SM).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cento cincuenta e nove euros con sesenta e catro céntimos (159,64€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Manuel Losada Rodríguez con D.N.I. nº. 34.143.661-T para a rehabilitación de cuberta de alpendre de 76,00 m² de superficie no lugar de Arriba 19, parroquia de Fornelas, (referencia catastral 000001800PH21D0001GU).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por douscentos oito euros con oitenta e dous céntimos (208,82€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Manuel Jorge Pérez Baldonado con D.N.I. nº. 34.257.605-W para a rehabilitación de cuberta de 80,00 m2. de superficie no lugar de Pacios de Veiga 5, parroquia da Ferreirúa, na marxe dereita do P.K. 2.750 do C.P. Lu-4711 "De Piño a Pacios de Veiga" (referencia catastral 001100200PH31G0001DG).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por trescentos once euros con noventa e oito céntimos (311,98€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

Titular	D.N.I.	Matrícula	Efectos
Manuel González Marzabal	34.215.535-E	LU-0590-T	2013
Sara María Pérez Fernández	34.264.124-N	5172-CJH	2013
José Antonio López Parada	34.247.071-W	3276-HCM	2013

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- SOLICITUDE DE ACHEGA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía:

Visto o programa de actividades do concello para 2012, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo programa Conciénciate para 2012 do Concello da Pobra do Brollón, cun orzamento de cincuenta mil euros (50.000,00€).

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo unha achega por importe de cincuenta mil euros (50.000,00€) para financiar dito programa.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades de financiamento dos servizos sociais do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo programa Servizo de Axuda no Fogar para 2012 do Concello da Pobra do Brollón, cun orzamento de sesenta e nove mil cincocentos euros (69.500,00€).

2.- Solicitar da Deputación de Lugo unha achega para o fomento e continuidade do servizo de axuda no fogar por importe total de corenta e oito mil seiscentos cincuenta euros e cin-

cuenta e sete céntimos (48.650,00€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola Deputación.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía:

Visto o concurso de concesión de subvencións en materia de deportes convocada pola Deputación Provincial de Lugo, e as necesidades do concello nesta materia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la inversión de seis mil euros (6.000,00€) a realizar para a adquisición e instalación dun marcador electrónico e bancos para o polideportivo do concello.

2.- Participar no concurso de concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións deportivas e para equipamentos deportivos realizados por concellos da provincia de Lugo convocada pola Deputación Provincial de Lugo pedindo unha achega para este investimento de seis mil euros (6.000,00€).

3.- Aceptar as condicións establecidas pola Deputación Provincial de Lugo nas bases que rexen este concurso.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía:

Visto o concurso de concesión de subvencións en materia de deportes convocada pola Deputación Provincial de Lugo, e as necesidades do concello nesta materia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo gasto de dous mil cincocentos euros (2.500,00€) a realizar para o desenvolvemento dun evento deportivo "IV trofeo de fútbol sala" no polideportivo do concello.

2.- Participar no concurso de concesión de subvencións destinadas a gastos correntes da promoción deportiva realizados por concellos da provincia de Lugo convocada pola Deputación Provincial de Lugo pedindo unha achega para este investimento de dous mil cincocentos euros (2.500,00€).

3.- Aceptar as condicións establecidas pola Deputación Provincial de Lugo nas bases que rexen este concurso.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía:

Visto o concurso de concesión de subvencións en materia de cultura convocada pola Deputación Provincial de Lugo, e as necesidades do concello nesta materia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la inversión de seis mil euros (6.000,00€) a realizar para a instalación de calefacción e climatización da biblioteca da Casa da Cultura Olga Novo do concello.

2.- Participar no concurso de concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por concellos da provincia de Lugo convocada pola Deputación Provincial de Lugo pedindo unha achega para este investimento de seis mil euros (6.000,00€).

3.- Aceptar as condicións establecidas pola Deputación Provincial de Lugo nas bases que rexen este concurso.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía:

Visto o concurso de concesión de subvencións en materia de cultura convocada pola Deputación Provincial de Lugo, e as necesidades do concello nesta materia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la inversión de cinco mil euros (5.000,00€) a realizar para o desenvolvemento da actividade cultural "talleres de manualidades e pintura.*

2.- *Participar no concurso de concesión de subvencións destinadas a gastos correntes da actividades culturais realizados por concellos da provincia de Lugo convocada pola Deputación Provincial de Lugo pedindo unha achega para este investimento de cinco mil euros (5.000,00€).*

3.- *Aceptar as condicións establecidas pola Deputación Provincial de Lugo nas bases que rexen este concurso.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

6º.- PADRÓN DE VAOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Elaborado o padrón de vaos permanentes para o ano 2012, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aproba-lo padrón de vaos permanentes para 2012 por un importe total de cincuenta e oito euros con sesenta e seis céntimos (58,66€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dezaseis de abril de dous mil doce.

v. e pr.
O Alcalde,

